

O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO CONCELLO DE CANGAS: ACHEGAMENTO ÓS CONTIDOS

José Suárez Otero

(Arqueólogo)

Con motivo das festas do Cristo no Hío escribimos unhas páxinas encol da arqueoloxía nesa parroquia do concello de Cangas. Quixéramos aproveitar esta nova oportunidade para seguir insistindo na riqueza e interés do patrimonio arqueolóxico, agora referido o conxunto do concello.

Naquel escrito facíamos fincapé no proceso histórico que conduciu ó coñecemento desa riqueza arqueolóxica, e o alí exposto pódese facer extensivo ó novo plantexamento territorial. Especialmente no que se refire actividade prospectiva, primeiro de José María e Enrique Massó, e posteriormente de José Suárez Mariño e Antonio Costa Iglesias.


Compre engadir, sen embargo, o episodio protagonizado a principios de século polo conde de Aldán no Monte Liboreiro coa realización dunha excavación neste enclave castrexo e medieval. Un episodio máis próximo na súa configuración ás excursións campestres na procura de antigüedades da *high society* inglesa no século XIX ca arqueoloxía científica, pero que expresa o interés despertado pola arqueoloxía en amplos ambientes da Galicia do momento; lembremos que é coetáneo ás actividades de Wenceslao Requejo no Hío. Tampouco sería xusto esquecer a actividade constante nas últimas décadas en defensa do noso patrimonio de Antonio Nores Soliño, colaborador do Museo de Pontevedra e cofundador do Grupo Arqueolóxico do Morrazo.



Resto dunha ara do castro de Monte Castelo

Tamén naquelas páxinas referíamos, aínda que de maneira moi sucinta e exclusivamente referidos ó Hío, os principais achádegos rexistrados ata hoxe. Adicarémonos con máis extensión aquí ós contidos do rico patrimonio do concello de Cangas. Tarefa que non será doada, debido principalmente a que esa riqueza é difícil de adecuar a brevedade destas liñas. A solución adoptada será centramos exclusivamente nun amplo período da Prehistoria, o que vai dende a aparición das primeiras cerámicas ata a aparición da metalurxia do bronce, no que a cantidade de restos e o avanzado do estudo que estamos a facer sobre os mesmos (traballo de investigación: *A Península do Morrazo: do Neolítico á Edade do Bronce*, subvencionado pola Consellería de Cultura) permítenos presentar a importancia que acada o noso patrimonio no coñecemento do noso pasado, para o que escollemos aquel que polo seu menor coñecemento e posibilidade de integración na nosa realidade cotián sofre da incompreensión, senon desprecio, de boa parte da colectividade. Sen embargo, esa realidade a penas perceptible para o común da xente xoga as veces un papel úneco na investigación científica do pasado non solo galego, senon da humanidade. A súa perda é unha circunstancia allea a unha sociedade que queira considerarse a si mesma culta, é un límite nas nosas posibilidades de autoconhecimento, é, en fin, unha degradación da nosa propia dignidade colectiva.

As primeiras evidencias corresponden a momentos nos que cabe supor a existencia dunha economía productiva (agricultura, gandería) e non meramente depredativa (caza, recolección): a etapa coñecida como Neolítico, que no eido cultural maniféstase pola aparición da cerámica. Os restos desta etapa son aínda escasos e pouco claros, pero si definen xa un proceso de ocupación do territorio. Parecen sinalar a presenza de comunidades pequenas de gran mobilidade habitacional (non sedentarias), que ocupan lugares baixos e próximos ó mar. En ocasións aproveitando a penedía como refuxio. Cerámicas cunha rica decoración impresa e uteis fabricados en silex son as súas evidencias arqueolóxicas máis comúns. Non contamos cun marco temporal preciso polo que temos que falar nun senso vago do IV milenio a.C.



Laxe da chan (Cimadevilla-Cangas)

Un episodio moito máis rico na súa expresión é aquel no que a aparición da metalurxia do cobre levou a denominar Calcolítico ou Edade do cobre. Agora xacementos como Lavapés (O Hío), Mesa de Montes (Aldán-Darbo) ou As Forcadas (O Hío) ofrécennos moita información sobre unha etapa culturalmente definida por unha cerámica singularizada pola súa decoración incisa e impresa de motivos xeométricos sempre dispostos en metopas (a cerámica *tipo Penha* da bibliografía arqueolóxica); nun dos casos (Lavapés) certifícase a existencia de actividades metalúrxicas. Trátase agora de asentamentos sedentarios, ou cun alto grao de sedentarismo, que no caso de Mesa de Montes, con vagas posibilidades de fortificación, acada a condición de povoado. Estamos no III milenio a.C. e a economía parece xirar ó redor de fórmulas que non

podemos coñecer con precisión pero entre as que cabe supor a presenza de agricultura estable e a continuidade de actividades predatorias como a caza, a pesca ou a recolección. A tipoloxía dos asentamentos diversifícase: núcleos nas terras baixas e costeiras, ben pequenos e concentrados (Lavapés, O Hío), en amplos e dispersos (As Forcadas, O Hío); ou núcleos amplos e concentrados en cumeos elevados: Mesa de Montes (Aldán/Darbo). A interpretación desta variedade pode ser cronolóxica, expresando cambeos na longa vida desta facies cultural; ou pode ser estrutural, como reflexo de comunidades especializadas nas súas actividades económicas e xerarquizadas nas relacións socio-políticas. Existe tamén a posibilidade dunha integración de ambas solucións. Así unha uniformidade cultural, baseada nas mencionadas producións cerámicas e na homoxeneidade das fontes de materias primas para a elaboración de uteis líticos, de Mesa de Montes e Lavapés apunta a segunda posibilidade; mentras a diversidade cultural, cunha variada produción cerámica, de As Forcadas vese mellor explicada pola primeira.


Nas Forcadas detectamos a presenza dunha nova especie cerámica, a *campaniforme*, que vai a caracterizar unha ampla etapa histórica que sucede a das cerámicas *tipo Penha*. Esta característica, o lado do carácter aberto e disperso do asentamento, que o afasta dos dous anteriores para identificalo cos que terán como característica definitoria ó campaniforme, fai deste enclave a expresión dunha transición cultural. Un período de cambio que podemos situar perto dos finais do III milenio a.C. (ca 2200-2000 a.C.).

Na nova etapa que voltará a afirmarse nunha forte identidade cultural pola produción alfareira dominada por unha cerámica de coidado aspecto e elaborada decoración, a que a súa forma acampanada deulle o nome coa que actualmente a coñecemos: *campaniforme*. O número de xacementos coñecidos para esta etapa é maior: ó das Forcadas temos que engadir o de O Fixón

(O Hío), O Xistro (O Hío) ou A Chan (Coiro). Non embargantes manifestan máis uniformidade na súa definición: trátase sempre de xacementos abertos que se proxectan en amplas superficies ó longo de áreas de ladeira, polo que resulta xeralmente difícil delimitalos. Aínda que as diferencias existen, na elección dos lugares: parte alta dunha ladeira que domina un amplo val (A Chan), ou a media e baixa ladeira en torno a pequenos cursos de auga e perto da costa (As Forcadas, O Fixón, cecais O Sistro): tamén no tamaño existen matices pois fronte á gran dispersión existe un caso (O Xistro) de ocupación puntual nunha área restrinxida.

¿Como interpretar esta nova situación? Pensamos que existen dous factores a ter en conta: unha posible expansión demográfica e unha maior mobilidade das comunidades. A ruptura das estruturas socio-políticas preexistentes hai que atribuíla a cambios na base subsistencial, cecais un meirande peso das actividades gandeiras, e tamén a probables alteracións na compoñente antropolóxica: a forte ruptura na cultura material como expresión de mutacións de orde tecnolóxica e ideolóxica, levánnos a pensar na filtración de grupos humanos foráneos.

Os resultados dunha época que evidencia certa inestabilidade estrutural será nembargante unha tendencia a unha forte definición e control do territorio, ó tempo que a unha acentuación da estabilidade na ocupación do mesmo. A amplitude e riqueza dos asentamentos máis tardíos (A Chan e O Fixón), parecen evidenciar ese proceso que se culmina no segundo dos casos, nun momento de perda de significado da cerámica campaniforme e de xurdimento dunha nova realidade cultural. E neste intre cando podemos detectar a presenza dunha importante novidade: a metalurxia do bronce, cando parece que aínda non se coñecía no resto da Península Ibérica. Un proceso que temporalmente esténdese ó longo de boa parte da primeira metade do II milenio a.C. (ca 2000-1500 a.C.).



Cerámicas Penha de Lavapes (Igresario-Hío)

Nesta etapa pódense situar as primeiras testemuñas de rituais funerarios para a zona que nos ocupa. A carencia de terras altas impide a proxección en Cangas do rico megalitismo do Morrazo, única fórmula funeraria que se coñece para o III milenio a.C. Trátase de túmulos baixos, dos que descoñecemos si contiñan cámara pétreo, que se sitúan en lugares de paso, como expresión da mencionada estratexia de control do territorio: exemplos en torno a camiño vello que unía Aldán co concello veciño de Bueu. Aínda sen datos cabe integralos nunha etapa de plenitude do campaniforme, como manifestación doutro dos cambios sustanciais ligados ó mesmo: o agromar dunha diferenciación social dentro das comunidades. O descenso no tamaño con respecto ós túmulos megalíticos vense interpretando coma ó paso do enterramento colectivo ó individual, co corolario dunha maior relevancia social de certos personaxes. Conforme avanza este período ó vaso campaniforme semella perder relevancia, deixando paso nos axuares funerarios ás armas ou outras cerámicas. Asimesmo perde significación ó túmulo que desaparece para ser substituído polas necrópolis de cistas. Defínese así claramente un proceso de personalización do fenómeno funerario, con enterramentos individuais no chan e en cámaras de pedra onde destacaran as pertencencias do enterrado, expresión da súa posición social dentro da colectividade. No concello contamos co exemplo da necrópole de As Antas (Aldán), a penas coñecida pero de gran interese.

Si as tumbas revelan os xerméns dunha diferenciación social intracomunitaria, os grabados rupestres atribuíbles a esta época (solo con absoluta seguridade aqueles que representan as súas armas) semellan contrarrestar nun momento avanzado da mesma (1700-1500 a.C.) esos inicios de disgregación interna con expresións tendentes a consolidar a cohesión das colectividades e resaltar o dominio do territorio: o agrupamento das armas individuais en conxuntos que se sitúan nas inmediación do poboado (Os Mogüelos, Donón, con respecto ó Fixón), ou en lugares estratéxicos perto de lugares de paso (A Laxe da Chan, Darbo).

En resume, unha etapa clave no desenrolo das comunidades prehistóricas galegas, cun florecemento en torno ó 1600 a.C. que coincidirá co apoxeo cultural noutras áreas da Europa atlántica (Inglaterra, Bretaña francesa), coas que a presenza do bronce evidencia existían relacións. Unha etapa que paradóxicamente semella rematar bruscamente para dar paso a unha nova situación bastante distinta e sobre a que existen aínda numerosas lagoas no noso coñecemento. A segunda metade do II milenio resulta unha época escura que precederá por volta do ano mil a.C. a floruit, de novo de carácter atlántico, da derradeira etapa da Edade do Bronce galega.

Pechamos aquí este intento de síntexe histórica de máis de dous mil anos de historia no territorio que hoxe ocupa o concello de Cangas, coa necesidade de disculparnos pola lonxitude e complexidade deste escrito. Con todo creíamos necesario lembrarllas a importancia do coñecemento arqueolóxico na súa dimensión intelectual, e non na máis coñecida material e eminentemente visual. Esperamos que cando contemplan restos arqueolóxicos, procuren trascender da súa curiosidade ou beleza para atopar nel o anaco de humanidade que conteñen. Cecais así comprendan a nosa constante preocupación profesional pola súa salvagarda.

BIBLIOGRAFIA

COSTA, A., FARIÑA, F., GARCIA, A., PEÑA, A. de la, SUAREZ, J. (1976), Nuevos grabados rupestres en la península del Morrazo, Pontevedra. *Gallaecia* 2, 125-134.

GARCIA-LASTRA, M. (1984), Primeros resultados de la campaña de excavaciones arqueológicas 1982, en el yacimiento de "O Fixón" (Hio, Cangas de Morrazo, Pontevedra) *Pontevedra Arqueológica* 1, 113-114.

PEÑA SANTOS, A. DE LA, (1982). Yacimiento de Lavapés (Cangas de Morrazo). Balance de las excavaciones 1981-1982, *Pontevedra Arqueológica* 1, 149-164.

IDEM (1987). Las cistas de Gandón (Cangas de Morrazo, Pontevedra), *El Museo de Pontevedra* XXXIX, pp. 77-94.

SUAREZ OTERO, X. (1983). Os abrigos da Cunchosa: Novos datos sobre tipos de asentamentos e complexos ergolóxicos na Prehistoria galega, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 99, 51-88.

IDEM (1990), Idolo de as Forcadas, in VV.AA., *Galicia no Tempo* (Santiago), pp. 138-139.

IDEM (en prensa), O Fixón: Una nueva perspectiva del Bronce Inicial en Galicia, *Actas del XXII Congreso, Nacional de Arqueología* (Vigo 1993).

(Publicado en "Festas do Cristo". Agosto 1994. Cangas)